

EIXE 2 | A Recuperación como meta

Sementando habilidades: proxecto de formación en habilidades sociais, valores e competencias para persoas con trastornos mentais menores de 35 anos.

Entidade executante

Asociación Xaruma(www.xaruma.org)

Ámbito territorial

O programa desenvólvese na provincia de Pontevedra (Vigo).

Persoas destinatarias

Persoas con doenzas en saúde mental .(Que teñan entre 18 e 35 anos, diagnóstico de trastorno mental , adherencia á medicación e non ter consumo de substancias).

Obxectivos

Obxectivo xeral:

Formar en habilidades sociais, participación comunitaria, competencias e valores para a inserción sociolaboral a persoas con trastornos mentais menores de 35 anos.

Obxectivos específicos:

- Aumentar a socialización das persoas participantes
- Reforzar a autoestima e autonomía para normalizar as condutas e a moderación de síntomas psicóticos .
- Traballar os recursos e e potenciais de cada persoa dun xeito lúdico.

Metodoloxía

Flexible e participativa, adaptando as actividades ós principais destinatarios promovendo a participación e a interrelación das persoas participantes.